

Actas das

II Xornadas

Olga Gallego de Arquivos

Os arquivos

da Administración local:

política, planificación

e sistemas fronte ao cambio

**O dereito de acceso á información
nas entidades locais, após
a entrada en vigor da lei
19/2013, do 9 de decembro,
de transparencia, acceso
á información pública
e bo goberno**

Ernesto Vázquez-Rey Farto

Investigador predoutoral

na área de Dereito Administrativo

da Universidade da Coruña

O dereito de acceso á información nas entidades locais, após a entrada en vigor da lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

Ernesto Vázquez-Rey Farto

Investigador predoutoral
na área de Dereito Administrativo
da Universidade da Coruña

ernesto.vazquez@udc.gal
662 211 047

■ Resumo

A entrada en vigor da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno pretendeu armonizar a regulación legal sobre o dereito de acceso das persoas á información pública; tamén na Administración Local, onde pola súa especificidade, tamaño e disparidade dos seus arquivos e rexistros a aplicación da norma vólvese especialmente conflictiva.

O presente traballo trata de abordar a regulación normativa deste dereito de acceso á información pública, ás súas limitacións, así como a especial particularidade na aplicación da Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, á fin de esclarecer a súa efectividade sobre as solicitudes de acceso nas entidades locais.

■ Palabras chave

transparencia; dereito de acceso á información pública; administración local; arquivos e rexistros

■ Abstract

The entry into force of Law 19/2013, of December 9, transparency, access to public information and good governance intended to harmonize regulations on the right of people access to public information; also in local government, where too specific, size and disparity of their archives and registers the application of the rule becomes particularly contentious.

This work seeks to address the normative regulation of this right of access to public information, their limitations, as well as the special particularity in the application of Law 15/1999, of 13 December, on the protection of personal data, in order to elucidate its effectiveness on requests for access in local institutions.

■ Keywords

transparency; right do access to public information; local administration; archives and registers

■ Sumario

I. Introducción. **II.** Dereito de acceso á información na Administración Local: Marco normativo. **III.** Límites ao dereito de acceso. **1.** Casuística coa LOPD. **IV.** Conclusións.

■ I. Introducción

A publicación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, leva aparellado o cumprimento do Estado español con dous compromisos internacionais; un en materia de goberno aberto -vid. *Open Government Partnership*¹-, que parece superado con relativo éxito, e outro na de acceso á información das institucións -vid. *Council of Europe Convention on Access to Official Documents*²-, que agarda dende 2009 a ser asinado e ratificado polo Reino de España; pero non chega a solucionar a problemática da interpretación sobre o dereito de acceso á información na Administración Local, especialmente no referido aos arquivos e rexistros.

O lexislador español decidiu non separar a publicidade activa da Administración Pública do dereito constitucional de acceso á información pública nas entidades locais, que constitúe un entramado de normas que se superpoñen e que, ás veces, conlevan un serio problema de interpretación sobre o acceso a un determinado expediente ou documento, segundo a valoración subxectiva que se faga da norma. Da raíz do dereito constitucional medra o dereito administrativo, que se vai a complementar cunha ampla variedade de normas, en atención ao tipo de administración de que se trate; respecto do que falaremos máis abaixo.

■ II. Dereito de acceso á información na administración local: marco normativo

O dereito de acceso dos cidadáns e cidadás á información da Administración Local no Estado español ten o seu fundamento primixéneo na promulgación da Constitución española, que consagrou con rango constitucional o dereito de acceso no seu artigo 105.b), establecendo que a lei regulará *o acceso dos cidadáns e cidadás aos arquivos e rexistros administrativos, agás no que afecte á seguridade e defensa do Estado, á investigación dos delitos e á intimidade das persoas*. Porén, o dereito de acceso non foi considerado polo lexislador como un dereito fundamental, ao encadralo no Título IV, do *Goberno e Administración*, e non no Título I, dos *Dereitos e Deberes fundamentais*.

1. Open Government Partnership, consultado o 29-09-2016: <http://www.opengovpartnership.org/country/spain>

2. Consello de Europa, *Council of Europe Convention on Access to Official Documents*, consultado o 29-09-2016: <http://www.coe.int/en/web/conventions/full-list/-/conventions/treaty/205>

En calquera caso, o dereito de acceso, como principio constitucional, está estreitamente ligado a varios dereitos fundamentais, como é o caso recoñecido nos artigos 20.1.a) e d), correspondentes ao dereito á información, ou o dereito á honra, á intimidade persoal e á propia imaxe, todos eles recollidos no artigo 18.1.

Seguindo esta premisa, o lexislador español aprobou na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno -en diante LTAIPBG-, un artigo 12, que baixo o lema *Dereito de acceso á información pública* determina o dereito que teñen todas as persoas -físicas e xurídicas- de acceder á información pública; establecendo como únicos límites os referidos no artigo 105.b) da Constitución, que vén a desenvolver a LTAIPBG e que veremos máis abaixo, e declarando a supletoriedade da lexislación autonómica, no marco das súas respectivas competencias.

Son múltiples as normas que recollen algún tipo de regulación sobre o acceso, tanto a materias xerais como específicas, polo que neste texto só nos centraremos no que afecta á Administración Local galega.

Ligado ao anterior, a norma constitucional deu paso á norma administrativa, polo que debemos referirnos en primeiro termo aos artigos 35.h) e 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común -en diante LRXAAPP-PAC-. Ditos artigos están incluídos no Título IV da norma que, baixo o enunciado *da actividade das Administracións Públicas*, trata os dereitos dos cidadáns e cidadás nas súas relacións xerais coa Administración Pública, enumerando unha serie de dereitos entre os que atopamos o dereito de acceso aos arquivos e rexistros propios de aquela, nos termos que establece a Constitución española, referidos *supra*, así como na propia LRXAAPP-PAC ou calquera outras normas -artigo 35.h) LRXAAPP-PAC-.

No caso do artigo 37 da LRXAAPP-PAC vén a establecer uns criterios máis claros sobre este dereito de acceso que acabamos de ver, consignando:

- 1. Os cidadáns [e cidadás] teñen dereito a acceder aos rexistros e aos documentos que, formando parte dun expediente, obren nos arquivos administrativos, calquera que sexa a forma de expresión, gráfica, sonora ou en imaxe ou o tipo de soporte material no que figuren, sempre que tales expedientes correspondan a procedementos rematados na data da solicitude.*
- 2. O acceso aos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas estará reservado a estas, que, no suposto de observar que tales datos figuren incompletos ou inexactos, poderán esixir que sexan rectificadas ou completados, agás que figuren en expedientes caducados polo transcurso do tempo, consonte aos prazos máximos que determinen os diferentes procedementos, dos que non poida derivarse efecto sustantivo algún.*
- 3. O acceso aos documentos de carácter nominativo que sen incluír outros datos pertencentes á intimidade das persoas figuren nos procedementos*

de aplicación do dereito, agás os de carácter sancionador ou disciplinario, e que, en consideración ao seu contido, poidan facerse valer para o exercicio dos dereitos dos cidadáns, poderá ser exercido, ademáis de polos seus titulares, por terceiros que acrediten un interese lexítimo e directo.

- 4.** *O exercicio dos dereitos que establecen os apartados anteriores poderá ser denegado cando prevalezan razóns de interese público, por intereses de terceiros máis dignos de protección ou cando así o dispoña unha Lei, debendo, nestes casos, o órgano competente ditar unha resolución motivada.*
- 5.** *O dereito de acceso non poderá ser exercido respecto aos seguintes expedientes:*
 - a)** *Os que conteñan información sobre as actuacións do Goberno do Estado ou das Comunidades Autónomas, no exercicio das súas competencias constitucionais non suxeitas a Dereito Administrativo.*
 - b)** *Os que conteñan información sobre a Defensa Nacional ou a Seguridade do Estado.*
 - c)** *Os tramitados para a investigación dos delitos cando poidera poñerse en perigo a protección dos dereitos e liberdades de terceiros ou as necesidades das investigacións que se están a realizar.*
 - d)** *Os relativos ás materias protexidas polo segredo comercial ou industrial.*
 - e)** *Os relativos a actuacións administrativas derivadas da política monetaria.*
- 6.** *Rexeranse polas súas disposicións específicas:*
 - a)** *O acceso aos arquivos sometidos á normativa sobre materias clasificadas.*
 - b)** *O acceso a documentos e expedientes que conteñan datos sanitarios persoais dos pacientes.*
 - c)** *Os arquivos regulados pola lexislación do réxime electoral.*
 - d)** *Os arquivos que sirvan a fins exclusivamente estatísticos dentro do ámbito da función estatística pública.*
 - e)** *O Rexistro Civil e o Rexistro Central de Penados e Rebeldes e os rexistros de carácter público cuxo uso estea regulado por unha Lei.*

- f) O acceso aos documentos obrantes nos arquivos das Administracións Públicas por parte das persoas que ostenten a condición de Deputado [ou Deputada] das Cortes Xerais, Senador [ou Senadora], membro dunha Asemblea Lexislativa dunha Comunidade Autónoma ou dunha Corporación Local.*
 - g) A consulta de fondos documentais existentes nos Arquivos Históricos.*
- 7. O dereito de acceso será exercido polos particulares de forma que non se vexa afectada a eficacia do funcionamento dos servizos públicos debéndose, a tal fin, formular petición individualizada dos documentos que se desexe consultar, sen que caiba, agás para a súa consideración con carácter potestativo, formular solicitude xenérica sobre unha materia ou conxunto de materias. Non obstante, cando os solicitantes sexan investigadores [ou investigadoras] que acrediten un interese histórico, científico ou cultural relevante, poderase autorizar o acceso directo de aqueles [e aquelas] á consulta dos expedientes, sempre que quede garantida debidamente a intimidade das persoas.*
 - 8. O dereito de acceso conlevará o de obter copias ou certificados dos documentos cuxo exame sexa autorizado pola Administración, previo pagamento, no seu caso, das exaccións que estean legalmente establecidas.*
 - 9. Será obxecto de periódica publicación a relación dos documentos obrantes en poder das Administracións Públicas suxeitos a un réxime de especial publicidade por afectar á colectividade no seu conxunto e cantos outros podan ser obxecto de consulta polos particulares.*
 - 10. Serán obxecto de publicación regular as instrucións e respostas a consultas plantexadas polos particulares ou outros órganos administrativos que comporten unha interpretación do dereito positivo ou dos procedementos vixentes a efectos de que poidan ser alegadas polos particulares nas súas relacións coa Administración.*

Neste punto, cabe sinalar que a LRXAAPP-PAC queda derogada pola entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -en diante LPACAAPP-, o día 2 de outubro de 2016, ao cumprirse un ano da súa publicación no Boletín Oficial do Estado -en diante BOE-, ao abeiro do disposto na Disposición final sétima.

Este novo texto elimina do seu contido as disposicións ás que acabamos de referirnos para só introducir, no artigo 13.d), que as persoas teñen dereito ao acceso á información pública, arquivos e rexistros; facendo remisión expresa e única ao contido na LTAIPBG.

A seguir, é imprescindible facermos referencia á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local -en diante LBRL-, que no seu artigo 70.3 dispón que:

3. Todos os cidadáns [e cidadás] teñen dereito a obter copias e certificacións acreditativas dos acordos das corporacións locais e os seus antecedentes, así como a consultar os arquivos e rexistros nos termos que dispoña a lexislación de desenvolvemento do artigo 105, parágrafo b), da Constitución. A denegación ou limitación deste dereito, en todo canto afecte á seguridade e defensa do Estado, a averiguación dos delitos ou a intimidade das persoas, deberá verificarse mediante resolución motivada.

Como complemento normativo é acaído incluímos as referencias á lexislación de patrimonio histórico e cultural. Así, a Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, xa que segundo o seu artigo 26.1 son susceptibles de consulta os documentos do Patrimonio Documental Español, baixo as seguintes regras:

- a) Con carácter xeral, tales documentos, concluída a súa tramitación e depositados e rexistrados nos Arquivos centrais das correspondentes entidades de Dereito Público, consonte ás normas que se establezan pola vía regulamentaria, serán de libre consulta a non ser que afecten a materias clasificadas de acordo coa Lei de Segredos Oficiais ou non deban ser públicamente coñecidos por disposicións expresadas da Lei, ou que a difusión do seu contido poida entrañar riscos para a seguridade e a defensa do Estado ou a averiguación dos delitos.*
- b) Non obstante o disposto no parágrafo anterior, caberá solicitar autorización administrativa para ter acceso aos documentos excluídos de consulta pública. Dita autorización poderá ser concedida, nos casos de documentos segredos ou reservados, pola Autoridade que fixo a respectiva declaración, e nos demais casos polo Xefe do Departamento encargado da súa custodia.*
- c) Os documentos que conteñan datos persoais de carácter policial, procesual, clínico ou de outra índole que poidan afectar á seguridade das persoas, á súa honra, á intimidade da súa vida privada e familiar e á súa propia imaxe, non poderán ser públicamente consultados sen que medie consentimento expreso dos afectados ou ata que teña transcorrido un prazo de vintecinco anos dende a súa morte, se a data é coñecida ou, noutro caso, de cincuenta anos, a partir da data dos documentos.*

No caso galego, o artigo 5.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza, outorga á cidadanía galega o dereito de acceso, coñecemento e desfrute do patrimonio cultural de Galiza, así como á súa transmisión e divulgación social, apelando expresamente no propio texto á cooperación coas entidades locais, entre outras Administracións, públicas e privadas.

■ III. Limites ao dereito de acceso

Como referimos *supra*, o lexislador constituinte español estableceu varios límites ao dereito de acceso á información pública no artigo 105.b) da Constitución, referíndose

expresamente ao relativo á seguridade e defensa do Estado, á investigación dos delitos e á intimidade das persoas.

Non obstante, a LTAIPBG, no seu artigo 14.1, enumera unha ducia de materias que poden limitar o dereito de acceso á información, esclarecendo no artigo 15 os eventuais conflitos que se poideran dar entre este dereito e a protección dos datos de carácter persoal. Para isto, a propia lei establece varios mecanismos de equilibrio á fin de facer compatíbeis ambos dereitos, con escaso éxito, como veremos máis adiante.

As materias que poden xustificar a limitación do dereito de acceso á información son as seguintes:

- a)** A seguridade nacional.
- b)** A defensa.
- c)** As relacións exteriores.
- d)** A seguridade pública.
- e)** A prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios.
- f)** A igualdade das partes nos procesos xudiciais e a tutela xudicial efectiva.
- g)** As funcións administrativas de vixilancia, inspección e control.
- h)** Os intereses económicos e comerciais.
- i)** A política económica e monetaria.
- j)** O segredo profesional e a propiedade intelectual e industrial.
- k)** A garantía da confidencialidade ou o segredo requirido en procesos de toma de decisión.
- l)** A protección do medio ambiente.

A esta listaxe debemos sumar a protección de datos persoais, que pola súa natureza e especificidade, ten unha referencia separada na LTAIPBG, de modo que cando a información solicitada -aínda non estando comprendida entre as materias enumeradas anteriormente- poida afectar á protección de datos persoais, será de aplicación este punto da norma.

Así, na medida en que a información eventualmente solicitada afecte directamente á organización ou actividade pública do órgano, prevalecerá o acceso, mentres que, cando dita información poida conter datos cualificados de “especialmente protexidos”, adoptaranse as cautelas e se aplicarán os criterios de ponderación especificamente previstos na LTAIPBG, á fin de primar un ou outro dereito, tendo como criterio moderador

-respecto da publicidade activa- a necesidade de disociar os datos cando a información que deba darse contivera datos especialmente protexidos.

1. Casuística coa LOPD

Un outro complemento normativo ao tratado anteriormente é a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal -en diante LOPD-, que levado á Administración Local supón un obstáculo a esa especie de “dereito a saber” que se forma na idiosincrasia dos veciños e veciñas; especialmente nas entidades locais de pequeno tamaño, onde todos se coñecen, teñen relacións de parentesco e a transparencia airéase segundo determinadas filias ou fobias.

Contrapoiñendo o referido dereito de acceso á información pública, a LOPD dispón que só se poderán comunicar datos persoais a un terceiro, previo consentimento expreso da persoa interesada, agás cando unha lei o autorice ou estea dentro dos supostos de excepción que a propia LOPD recolle taxativamente.

A priori, nas entidades locais poden xurdir preguntas como se é posíbel informar a un cidadán sobre a licencia de obras de outro veciño, ou se en base ao dereito de acceso a un expediente con multitude de interesados -expropiación ou deslinde, por exemplo- cada interesado pode ver todo o expediente no que constan as escrituras de herdanzas, doazóns ou compravendas das persoas afectadas, ou só pode acceder á súa parte. Tamén se ese dereito de acceso permite facer públicas as actas dos Plenos e outras resolucións, íntegramente, ou se, pola contra, se deben tomar certas cautelas previas á súa publicación.

Así, non sempre a literalidade da norma é suficiente para resolver os casos nos que atopamos datos protexidos, polo que a modo ilustrativo imos expoñer varios casos contidos nas resolucións sobre publicación de información pública que tratou a Axencia Española de Protección de Datos:

1. Nun procedemento³ contra o Concello de Zaorejas (Guadalaxara), plantéxase unha denuncia por colocación nun taboleiro de anuncios dunha asociación dun escrito da *Dirección de Calidad da Consejería de Agricultura de Castilla-La Mancha* na que consta o nome e apelidos do denunciante en relación cunha vertedura ilegal de amianto. Logo de constatarse que foi o Alcalde pedáneo o que colocou o escrito, a AEPD resolve entendendo que o Concello de Zaorejas vulnerou a LOPD, xa que aínda entendo que existe un interese público que posibilitaría a súa publicación, ao abeiro do disposto na LRXAAPP-PAC, por ser o amianto altamente canceroso, debería terse procedido á anonimización do documento administrativo, eliminando os datos persoais do denunciante antes de facelos públicos no taboleiro de anuncios do concello.

3. Axencia Española de Protección de Datos, procedemento número AP/00043/2013 instruído pola AEPD ao Concello de Zaorejas, consultado o 29-09-2016: http://www.agpd.es/portaIwebAGPD/resoluciones/admon_publicas/ap_2014/common/pdfs/AAPP-00043-2013_Resolucion-de-fecha-13-02-2014_Art-ii-culo-10-LOPD.pdf

2. Nunha consulta⁴ á AEPD plantéxase se un particular pode realizar grabacións sonoras dos Plenos do seu Concello e difundilas na súa propia páxina web sen obter o consentimento das persoas a cuxos datos persoais se fagan referencia dos ditos Plenos. Logo de ponderar os principios de protección dos datos e de transparencia, resolve outorgando os dereitos de rectificación, oposición e cancelación a todas as persoas cuxos datos persoais estean contidos na páxina web, segundo as disposicións da LOPD.
3. Unha consulta⁵ plantexa se se axusta á LOPD unha aplicación informática deseñada para levar a cabo enquisas telemáticas no ámbito municipal. Segundo se expón na propia consulta, requírese o consentimento das persoas participantes para acceder ao Padrón Municipal de habitantes, aos efectos de comprobar os requisitos do seu empadramento e da maioría de idade. Para acceder á enquisa a persoa participante debe proporcionar o DNI e a data de nacemento, e unha vez comprobados pásase a formularlle varias preguntas, debendo optar por unha soa resposta. Sinálase que o sistema garda o DNI para garantir que a enquisa sexa cumprimentada unha soa vez por unha mesma persoa, e ademáis indica que o dato relativo ao DNI almacénase sen relación cos datos relativos á opción elixida e aos datos relativos ao sexo, idade e barrio, que se piden para fins estatísticos. Neste caso, a AEPD obriga á entidade responsábel da aplicación a crear un ficheiro cos datos e ademáis a tratar eses datos coas cautelas previstas na LOPD, se ben introduce a reflexión de que esta aplicación telemática non garante o anonimato das persoas que participan, xa que os datos non están dissociados e pódese recoñecer a identidade das persoas participantes polo DNI.
4. No caso⁶ dun proceso selectivo coa publicación dos datos persoais das persoas aspirantes, a AEPD ten que entrar a ponderar un caso plantexado por un dos aspirantes que consulta se se cumpre a LOPD cando a institución publica as listaxes de notas, aparelladas ao nome, apelidos e DNI das persoas aspirantes. A Axencia entende que é obriga da Administración publicar os datos e que se cumpre coa transparencia cando se publican os resultados de cada fase do proceso; non obstante, tendo en conta que o nome, apelidos e DNI son datos cualificados como de especial protección, en tanto que o DNI é un código alfanumérico que a Administración utiliza

4. Axencia Española de Protección de Datos, informe número 0389/2009, consultado o 29-09-2016:

http://www.agpd.es/portalwebAGPD/canaldocumentacion/informes_juridicos/derecho_acceso_rectificacion_cancelacion_oposicion/common/pdfs/2009-0389_Publicaci-oo-n-pleno-ayuntamiento-por-un-particular-en-su-p-aa-gina-web.-Ejercicio-de-derechos-de-cancelaci-oo-n-y-oposici-oo-n.pdf

5. Axencia Española de Protección de Datos, informe número 0029/2010, consultado o 29-09-2016:

http://www.agpd.es/portalwebAGPD/canaldocumentacion/informes_juridicos/otras_cuestiones/common/pdfs/2010-0029_Fichero-de-encuestas-municipales.pdf

6. Axencia Española de Protección de Datos, informe número 0358/2015, consultado o 29-09-2016:

http://www.agpd.es/portalwebAGPD/canaldocumentacion/informes_juridicos/common/pdf_destacados/2015-0358_Ejercicio-del-derecho-de-oposici-oo-n-en-proceso-selectivo.pdf

para identificar á cidadanía, e é menos recoñecíbel que o nome e apelidos, resolve a Axencia que cabe recomendar á Administración que revise todo o proceso, anonimizando os datos das persoas aspirantes e só deixando aparelado ao resultado das probas selectivas o DNI.

5. Por último, a AEPD entra a ponderar unha consulta⁷ sobre se os datos contidos no Rexistro Civil, e que afectan a datos especialmente protexidos, poden ser obxecto de consulta mediante os libros do propio Rexistro Civil. Atendendo á consideración de altamente protexidos dos datos e da función que cumpre o propio Rexistro Civil sobre a constatación de feitos inscribíbeis, a Axencia entende que non cabe limitación no tratamento dos datos.

A respecto do último caso, sen embargo, en moitos concellos rurais os libros e expedientes do Rexistro Civil están depositados nas oficinas municipais e permítese acceder “indiscriminadamente” aos mesmos, segundo diferentes motivacións que non sempre son as do interese directo. Así, segundo o Informe 0431/2006 da AEPD, non todos os datos contidos no Rexistro Civil teñen a consideración de altamente protexidos e a lexislación que regula a materia establece que os libros do Rexistro Civil son públicos, polo que cabería entender que a aplicación do dereito de acceso en relación á protección de datos obrigaría á anonimización dos mesmos, considerados especialmente protexidos, coa debida cautela de non danar os documentos.

■ IV. Conclusións

Ao noso xuízo, o dereito de acceso na lexislación española adoece dunha instrución homoxénea na aplicación da propia normativa, se ben a solución óptima sería a elaboración dun corpus normativo homoxéneo, único e inequívoco, que a modo de compilación, servise de guía na materia; cousa esta bastante improbábel, tendo en conta o inconciliábel das recentes leis de transparencia, española e galega, no que ten a ver co dereito de acceso á información pública.

Deste xeito, se o lexislador tivera recoñecido o dereito de acceso como dereito fundamental e non como un mero dereito administrativo que só afecta á parte administrativa dos poderes públicos non tería sido preciso realizar todo un exercicio de argumentación do título competencial, recollido na Disposición final oitava da LTAIPBG.

Cabe sinalar que, á fin de alcanzar unha administración transparente, debemos lembrarlle á Administración Local -especialmente do ámbito rural- que ser depositaria de patrimonio documental implica a súa custodia, non o seu secuestro e que, polo tanto, só debe impoñer as restriccións que sexan absolutamente precisas ao acceso público ao mesmo, sen traspasar o legalmente establecido.

7. Axencia Española de Protección de Datos, informe número 0431/2007, consultado o 29-09-2016:

http://www.agpd.es/portalwebAGPD/canaldocumentacion/informes_juridicos/datos_esp_prottegidos/common/pdfs/2006-0431_Tratamiento-de-datos-en-el-Registro-Civil-y-su-consideracion-de-especialmente-prottegidos.pdf

Neste sentido, o dereito de acceso á información pública está vinculado ao dereito fundamental de participación nos asuntos públicos, ao de liberdade de información e supón a garantía dunha opinión pública libre, indisolublemente unida ao pluralismo político nun Estado democrático. Así, a dimensión particular ou individual do dereito de acceso concrétase na posibilidade de que unha persoa ou organización poida acceder a información que considera relevante para os seus intereses, e con todo, a regulación segue a ser incompleta e insuficiente para garantir a eficacia deste dereito en termos equiparábeis aos do Convenio do Consello de Europa sobre acceso aos documentos públicos, do 18 de xuño de 2009.

En definitiva, e en palabras de Patricio Fernández García: *“si lo que únicamente se persigue es engrosar nuestro ordenamiento jurídico con diferentes normas en cuyo enunciado figure la palabra ‘transparencia’ y digan garantizar la publicación en Internet de un océano de datos, de tan difusa fiabilidad como interés, para que así España asome en alguno de esos rankings internacionales a los que hace tiempo se incorporaron Estados de dudosa reputación, podríamos darnos por satisfechos con la plena entrada en vigor de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno. Por supuesto, el acceso a una ruidosa marea de datos no asegurará a la ciudadanía una mayor ni mejor información sobre los asuntos públicos”*⁸.

8. FERÁNDEZ GARCÍA, PATRICIO, “Archivos Públicos y Secreto de Estado” en *Diario El País*, de 8 de marzo de 2014, consultado o 30-09-2016: http://elpais.com/elpais/2014/02/05/opinion/1391631652_208483.html

■ Referencias bibliográficas

CERRILLO I MARTÍNEZ, AGUSTÍ, “Transparencia administrativa y lucha contra la corrupción en la Administración Local” en *Anuario del Gobierno Local*, 2011, pp. 277-313.

GONZÁLEZ-CALERO MANZANARES, FRANCISCO RAMÓN, “Cómo conciliar la Ley de transparencia y la LOPD en entidades locales”, consultado o 28-09-2016: http://tecnologia.elderecho.com/tecnologia/privacidad/Ley-transparencia-LOPD-entidades-locales_11_759430003.html

GRUPO DE ARCHIVEROS MUNICIPALES DE MADRID, “Los documentos municipales: propuesta de acceso” en *XIV JORNADAS DE ARCHIVOS MUNICIPALES. EL ACCESO A LOS DOCUMENTOS MUNICIPALES*, Madrid, Consejería de Cultura y Deportes de la Comunidad de Madrid e Ilmo. Ayuntamiento de Parla, 2006, pp. 7-27.

LAZCANO BROTONS, ÍÑIGO, “El derecho a recibir información administrativa local” en *Mediatika*, 2005, n. 11, pp. 111-134.

MORETÓN TOQUERO, ARANCHA, “Los límites del derecho a la información pública” en *Revista jurídica de Castilla y León*, 2014, Maio, n. 33.

SÁNCHEZ DE DIEGO FERNÁNDEZ DE LA RIVA, MANUEL, “El ‘día después’ de la Ley de Transparencia” en *Revista jurídica de Castilla y León*, 2014, Maio, n. 33.

SÍNDIC DE GREUGES DE CATALUNYA, *El derecho de acceso a la información pública*, Síndic de Greuges, 2012.

VALENTÍN RUÍZ, FRANCISCO JOSÉ; LÓPEZ HURTADO, MARIANA, “Derecho de acceso de los ciudadanos a los documentos de la Administración Pública: regulación, conflictos y algunas reflexiones” en *Revista online de estudiantes de Derecho*, 2012, n. 1.
